

1898
1998



Ilustre Colexio Oficial
de Médicos
Pontevedra

Echegaray, 8
Telfs.: 986 851 004 - 986 852 490
Fax: 986 864 205
e-mail: colmedpontevedra@cmpont.es

CONVOCATORIA

Por acordo da Xunta Directiva do Ilustre Colexio Oficial de Médicos da Provincia de Pontevedra, convócase, pola presente, a todos os colexiados para a celebración de eleccións, que terán lugar o día,

12 de novembro de 2016

para designar os compañeiros que ocuparan os cargos seguintes:

PRESIDENTE.- VICEPRESIDENTES 1º, 2º, 3º e 4º.- SECRETARIO XERAL.- VICESECRETARIO.- TESOUREIRO-CONTADOR, e un Representante Médico por cada un dos seguintes grupos: **MÉDICOS DE ATENCIÓN PRIMARIA URBANA.- MÉDICOS DE ATENCIÓN PRIMARIA RURAL.- MÉDICOS DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA.- MÉDICOS DE EJERCICIO PRIVADO.- MÉDICOS XOVENES E/OU EN FORMACIÓN.- MÉDICOS XUBILADOS.- MÉDICOS CON EMPREGO PRECARIO OU EN PROMOCION DE EMPREGO.- MEDICOS AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN.**

As candidaturas para tomar parte na devandita elección, deberán ser dirixidas á Xunta Electoral e presentadas nas Oficinas deste Colexio Oficial de Médicos (c/.Echegaray, 8 - PONTEVEDRA) calquera día laborable -excepto sábados-, entre as **NOVE e as TRECE HORAS**, pechándose o prazo para a admisión das mesmas o día **04 de outubro de 2016**, ás **TRECE HORAS**.

Serán nulas as candidaturas presentadas ou recibidas no Colexio Provincial (c/.Echegaray,8 - PONTEVEDRA) con posterioridade á hora sinalada (13,00 HORAS) do último día do prazo establecido para a admisión das mesmas (04/10/16), aínda cando veñan por correo certificado.

A Xunta Electoral enviará a todos os colexiados, no momento oportuno, os nomes dos candidatos presentados á elección de cada un dos cargos apuntados, e as instrucións para a votación por correo dos compañeiros que desexen utilizar devandito sistema. **Aqueles que acudan persoalmente a depositar o seu voto nas mesas que se constituirán para o efecto (no Colexio Provincial en Pontevedra e na Delegación Comarcal de Vigo), deberán facelo o día indicado (12 de novembro de 2016) entre as NOVE e as CATORCE horas (de 09,00 a 14,00 horas).**

Os censos de compañeiros con dereito a voto, estarán expostos neste Colexio Provincial e na nosa Comarcal de Vigo, **ata o día 30 de setembro de 2016**, podendo os interesados consultalo e formular as súas reclamacións contra a inclusión ou exclusión indebida no mesmo, ata as **trece horas** do citado día (**30 de setembro de 2016**), mediante escrito dirixido á Xunta Electoral, xustificando debidamente a motivación da mesma.

Para o desenvolvemento das eleccións teranse en conta, ademais das citadas nesta convocatoria, as normas establecidas nos vixentes Estatutos deste Colexio Médico Provincial, que están publicadas no D.Ou.G.A. de data 26 de xuño de 2008.

Pontevedra 15 de setembro de 2016.
O SECRETARIO XERAL,

f/. Pedro Silva Arochena.

Ilustre Colexio Oficial de Médicos de Pontevedra
Bº
O PRESIDENTE,
f/. Luis M^a. Campos Villarino.